

## **AO CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

No outono pasado a CIG-Ensino presentou unha denuncia diante da Inspección de Traballo da Coruña ante a inacción por parte da Consellaría no cumprimento da normativa de Prevención de Riscos e Saúde Laboral. Foi despois de que se lle dera traslado en múltiples ocasións e diferentes ámbitos como a Mesa Sectorial, dos deberes da Administración coas súas empregadas e empregados públicos e de comprobar o inmovilismo desta.

Entre as demandas trasladadas estaban a obrigatoriedade de proporcionar máscaras ao seu persoal, determinando os casos en que estas deberan ser de especial protección e lembrando, que é obriga da empresa, neste caso nin máis nin menos que a propia Xunta, facer unha avaliación de riscos de todos e cada un dos centros e regulando as condicións que permitan as oportunas adaptacións dos postos de traballo.

É alarmante e moi preocupante que un ano despois constatemos que non se está proporcionando ao profesorado o material de protección necesario e que ademais é obrigatorio, como quedou constatado de forma contundente co requirimento da Inspección de Traballo.

Tamén mostrou a autoridade laboral a mesma contundencia coa necesaria avaliación de riscos dos centros, obrigatoria máis alá da situación de pandemia, e que así se tiña esixido por parte da CIG nas poucas reunións que se fixeron do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral. Na reunión coa inspectora resultou ridícula a aportación de unicamente 24 avaliacións de centros educativos entre 2019 e 2021 dos máis de mil que temos en Galiza dependentes da administración autonómica e que non se lle dera resposta dalgunhas cuestións recollidas nesas avaliacións ao non presentarse o técnico responsábel de CUALTIS que estaba citado.

Tanto na última reunión na Inspección de Traballo como na Mesa Sectorial e no CISSL a Consellaría deu resposta á demanda da CIG-Ensino e da propia autoridade laboral, ao respecto dos plans de prevención, indicando que se procedería de inmediato á licitación dun concurso para a avaliación de riscos de todos os centros educativos. Porén, un mes despois de comezar o curso escolar e máis de tres meses despois de informar desa licitación non se deu ningún tipo de avance e seguimos sen ter comunicación nin concreción de ningún prazo ao respecto.

Por outro lado, comprobamos como no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-2022 segue sen indicarse expresamente, como se indicaba na resolución da ITSS, que a Consellaría debe proporcionar máscaras dun maior nivel de protección (FFP2) a aquel profesorado exposto a un maior nivel de risco.

Por se todo isto fose pouco, a día de hoxe os centros educativos públicos galegos non recibiron as máscaras que obrigatoriamente ten que entregar a Consellaría, nun exercicio de desidia e de irresponsabilidade. Hai centros nos que se compraron máscaras con cargo aos propios fondos do centro e outros nos que o propio profesorado asume os gastos da compra.

Ante esta situación de incumprimento dos compromisos e de falta do máis mínimo rigor pola protección da saúde de todo o persoal dos centros educativos diríxome a vostede no nome da CIG-Ensino para que de inmediato rectifique o abandono na xestión da protección da saúde e que se tomen con carácter inmediato as medidas necesarias para que todo o profesorado dispoña das máscaras necesarias a través dunha compra centralizada.

Por outro lado, comunícolle que a falta de interlocución nesta materia e ante a negativa da administración a modificar o Protocolo e a proceder á avaliación de riscos comprometida, non nos deixaría outra opción que recorrer á vía xudicial, algo que non debería ser necesario se a administración educativa fixese o seu cometido.

Sen máis, reciba un cordial saúdo

Santiago de Compostela, 8 de Outubro de 2021

Xesús Bermello García  
Secretario Nacional CIG-Ensino